

TEMA 11.- O IMPRESIONISMO COMENTARIO DE MANET: O ALMOZZO SOBRE A HERBA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/estilo/movemento; cronoloxía;

título; autor: O almorzo sobre a herba; en principio titulouse "O baño". Pintura sobre lenzo realizada por Manet en 1863 e exposta nese mesmo ano no Salón dos Rexeitados (París). Obra realista francesa na que abre o camiño ao Impresionismo.. A técnica pictórica é o óleo.

c.- Analiza e comenta a obra:

Manet

- Admirador de pintores venecianos do XVI (Giorgione, Tiziano), barrocos holandeses (Rembrandt, Vermeer) e, sobre todo, de Velázquez (para Manet "*o pintor dos pintores*"): "O Pífan" inspirado en "*Pablillos de Valladolid*" de Velázquez.
- Pintor realista na temática ("escándalo" dos seus lenzos, definidos pola crítica e os sectores máis reaccionarios como "vulgares e cun excesivo mal gusto"). Na composición e na técnica mostra elementos que triunfarán no Impresionismo (abre o camiño). Para os pintores impresionistas era o "pai do movemento" aínda que Manet nunca se definiu como impresionista).
- As dúas obras deste artista que supoñen a ruptura coa pintura tradicional e abren o camiño ao Impresionismo son O almorzo sobre a herba e Olympia (o maior escándalo da Arte do XIX). Ambas son expostas durante o mandato do emperador Napoleón III, que se fixera co poder dando un golpe de Estado en 1852, rematando coa II República e proclamando o II Imperio (todo o poder queda nas súas mans e suprime as liberdades). A arte aceptada e valorada era a academicista; os artistas que rompían con ela eran rexeitados e ridiculizados (Manet). Ambas obras de Manet foron consideradas inmorais non só polos temas senón tamén pola composición e a técnica. Nelas recolle cadros do Renacemento e os pon ao día.

En 1863 ten lugar unha exposición no "Salón Oficial" (París). Manet presenta una serie de cadros entre os que destaca **O almorzo sobre a herba**: son rexeitados, pero Napoleón III permitiu que estes artistas expuxeran obras no "Salón dos Rexeitados". O público -predisposto pola prensa e polos críticos máis reaccionarios- estaba convencido de que as obras serían ridículas; cando se abriron as portas comezaron a oírse as risas. O peor trato recibíuno O almorzo: provocou indignación e o público (seguindo as palabras do propio emperador) manifestou que o cadro era "*un atentado contra o pudor, unha inmoralidade*". A indignación chegou a tales extremos que o cadro tivo que ser colocado na parte alta da parede para



En 1863 ten lugar unha exposición no "Salón Oficial" (París). Manet presenta una serie de cadros entre os que destaca **O almorzo sobre a herba**: son rexeitados, pero Napoleón III permitiu que estes artistas expuxeran obras no "Salón dos Rexeitados". O público -predisposto pola prensa e polos críticos máis reaccionarios- estaba convencido de que as obras serían ridículas; cando se abriron as portas comezaron a oírse as risas. O peor trato recibíuno O almorzo: provocou indignación e o público (seguindo as palabras do propio emperador) manifestou que o cadro era "*un atentado contra o pudor, unha inmoralidade*". A indignación chegou a tales extremos que o cadro tivo que ser colocado na parte alta da parede para

evitar que sufrira algún ataque.

O “escándalo” do tema

Representa unha escena cotiá do París da época: dous homes e dúas mulleres van pasar o día nas beiras do río Sena (no primeiro plano: aparecen restos do xantar e as roupas das mulleres). Personaxes masculinos: o seu irmán Eugène (que pola actitude está falando) e o seu futuro cuñado, o escultor holandés Ferdinand Leenhoff: visten á moda parisiense da época. Personaxes femininos: a súa modelo preferida, Vitoria Meurent, completamente núa e mirando ao espectador, e no fondo, unha muller descoñecida, en roupa interior, que se refresca no río.



Manet recolle o cadro de Giorgione, "O concerto campestre", e actualízao:

- Concerto: figuras femininas espidas acompañadas por homes vestidos á moda veneciana do XVI.
- Almorzo: dous homes vestidos á moda parisiense da época e unha muller espida: non parece que no lenzo haxa nada “escandaloso”.

Por que o tema provocou tanto escándalo?:

- Concerto: personaxes mitolóxicos (as mulleres podían aparecer núas), traxes dos homes: ricos, elegantes e con cores brillantes.
- Almorzo: personaxes reais (de carne e óso), non mitolóxicos: isto foi o que suscitou parte da indignación da crítica reaccionaria e do público. “Os homes visten feos traxes negros e grises e a muller, de aspecto vulgar e corpo desagradable, mostra súa ínfima moralidade espíndose diante de dous homes” (opinión da época). Os críticos reaccionarios vían no cadro “cousas” que só estaban na súa imaxinación: “un dos homes mira con desexo á muller” (non mira á muller). A muller mira directamente ao espectador, orgullosa (fai fronte a unha sociedade hipócrita que a critica) pero tamén franca: na súa pose non hai nada de inmoral. Que o cadro fose de grande formato para representar un “tema vulgar e inmoral” tamén foi motivo de indignación (os cadros de grande formato só debían representar temas históricos, mitolóxicos...).

O “escándalo” da técnica e da composición (abre o camiño ao Impresionismo):

- Non emprega a perspectiva lineal (hai unha lixeira sensación de profundidade pero sen rexerse por esta perspectiva: así se observa na muller do río que semella estar suspendida no aire).
- Claroscuro usado de maneira anticonvencional pois as luces e as sombras non producen sensación de profundidade.

- Cores puras (sen grises), aplicadas no lenzo sen mesturar:pretende que o espectador as mesture na retina.
- Figuras: parecen planas (aínda que estean en escorzo) porque usa cores planas (sen volume); o corpo da muller núa non está modelado e mostra unha tonalidade cremosa, pois pinta claro sobre claro (provocaba desagrado nos espectadores afeitos a corpos femininos de tonalidades cálidas); os traxes dos homes son negros (a través dunha concepción tradicional, feos).
- A luz potencia as formas pero a maneira de tratala é xa impresionista pois plasma os cambios aparentes que produce nas cores e nos obxectos e figuras. Luz e cor comezan a ser as protagonistas do cadro.

Características que o afastan do Impresionismo:

- Utiliza a cor negra (grande importancia): para os impresionistas era unha “non cor” (pois non nace da luz).
- Cadro pintado no taller (non directamente na Natureza).
- Pincelada ancha e ben feita (non desfai as formas); marca o contorno de figuras e obxectos.
- Luz: potencia as formas.